



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Antes de comezar a sesión a Presidencia solicita gardar un minuto de silencio polo falecemento de Don Arturo Cajaraville Gómez, Xuíz de Paz Titular do concello de Vedra durante trinta e nove anos.

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (27/11/2019 e 17/12/2019).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 27/11/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 17/12/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre adopción de medidas para o cumprimento das condicións para a bonificación do canon de Sogama.

Visto que este Concello, de conformidade co establecido no apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, solicitou oficialmente e no prazo establecido a bonificación do canon de Sogama pola xestión dos residuos urbanos.

Visto que en virtude de Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 15 de xaneiro de 2019, estableceuse e fíxose pública unha bonificación



sobre do citado canon , por importe do 10% da cantidade que estaba vixente no ano 2018, pasando de 69,83 euros/tonelada máis IVE a 62,93 euros/tonelada + IVE.

Esta bonificación vincúlase ao cumprimento de dous requisitos básicos: procurar unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular cara ao que debemos avanzar e trasladar esta rebaixa do canon ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.

Visto que as tarifas vixentes da ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública , publicadas no BOP núm. 245/12, do 26 de decembro, entraron en vigor no exercicio 2013, sen que ata a data se incrementasen no IPC do ano natural anterior, como así se establece no artigo 13 da mesma

Proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Adoptar as medidas necesarias que possibiliten trasladar, con efectos económicos no ano 2020, o importe equivalente a bonificación do 5% do recibo do 2019 , ás persoas beneficiarias do servizo, posto que o 5% restante xa queda compensado co incremento do IPC que non se veu aplicando nas tarifas da ordenanza.

A Presidencia di que como xa faláron na comisión, ese 10%, xa confirmado por Sogama, igual que noutros concellos o IPC non se subiu tal e como estaba establecido na ordenanza e non se fixo, vale como bonificación dun 5% e o resto é o que hai que aplicar relacionado co recibo do ano 2019 no ano 2020. É un tema que teñen que falar coa Deputación como órgano recadador. Nas próximas semanas terán reunións para ver como van este proceso.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, manifesta que no ano 2014 houbo unha suba do 33% do canon que aplica Sogama aos concellos pola nefasta política do goberno do Sr. Rajoy, penalizando as enerxías renovables, e agora veñen cunha posible notificación do 10%.

Na comisión informativa a Presidencia dixo que non sabía como se podía aplicar e en principio ten un compromiso verbal que non garante nada. O que realmente vén a facer a Presidencia é aplicar unha subida de impostos con carácter retroactivo.

Unha das condicións que pon Sogama é que se aplique a rebaixa do 10% no recibo dos veciños, e se queren o apoio do grupo do PSdeG-PSOE ten que aplicar esa rebaixa.

Por outro lado, buscando a ordenanza no portal de transparencia, levouna á páxina da Deputación que está obsoleta, xa que os datos son do 2004 e non é posible ver a taxa que se aplica.

Pregunta se a bonificación se vai aplicar no recibo deste ano.

A Presidencia contesta que iso é o que teñen que falar coa Deputación para ver como se materializa esa rebaixa do 5%.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se para o ano seguiría o recibo como está coa suba do 5%.

A Presidencia responde que probablemente para o ano haxa unha rebaixa do 5% igualmente porque prorrogan este ano 2020 esa bonificación. Despois todo depende dos custes de Sogama, se poden aplicar esas rebaixas aos concellos, aos cales lles remiten aplicarlos tamén aos usuarios.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, afirma que entón quedaría cunha subida do 5% o recibo dos anos posteriores.

A Presidencia replica que o recibo non se subiu nada dende o ano 2013 ata o ano 2019, polo que non pode dicir que subiu. Este ano baixárase un 5% e hai que ver como se aplica esa rebaixa (no recibo, devolución dos cartos, etcétera)



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o Sr. Alcalde está defendendo un argumento tramposo. Están aplicando agora unha subida dun 5% que non aplicaron antes. Repite que se quere o voto a favor do seu grupo ten que aplicar o 10%.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, anuncia o voto en contra do seu grupo, xa que non lles parece normal que se non se foi subindo o IPC todos os anos, se suba agora un 5% só para non bonificarlle aos veciños ese 10%. Sinala, ademais, que deberían ter preguntado con anterioridade á Deputación antes de traer este asunto a Pleno para a súa aprobación.

A Presidencia contesta que lle queda claro que votarán en contra desa rebaixa do 5% do recibo, e que cando o grupo do PSdeG-PSOE fala de argumentos tramposos, é a propia ordenanza a que establece que se tiñan que ter actualizado os recibos ano tras ano. Se non o fixeron foi beneficiosos para os veciños.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, replica que o Sr. Alcalde saberá os motivos polos que non aplicou a subida prevista, pero agora mesmo está aplicando unha subida do 5%, e cun compromiso de rebaixa do 5% que non se sabe se vai ser aceptada. Polo tanto o argumento tramposo é o do Sr. Alcalde.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se esa baixada do 10% , no caso de que haxa algún problema coa separación, se reincorpora; se se pode perder esa rebaixa do 10% e se é só este ano. Está convencido de que Sogama está facilitándolles aos concellos que incrementen ese imposto un 5%.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con oito votos a favor do PP e catro votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

3º.- Aprobación, se procede, do Proxecto modificado de Colectores Xerais e EDAR de Vedra – Vedra (A Coruña), incluído no POS +2019 (Plan único de concellos).

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria-urxente celebrado o día 1 de abril de 2019, acordou solicitar a inclusión da obra de *Colectores Xerais e EDAR de Vedra (Vedra- A Coruña)* no POS+ 2019 (plan único de concellos) e aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiro don César del Río Tapias, cuxo orzamento ascende á cantidade de 499.485,65 euros.

Visto o informe de supervisión técnica desfavorable emitido polo servizo de Asistencia Técnica da Deputación.

Visto o informe técnico emitido polo enxeñeiro redactor do proxecto sobre das causas da modificación do mesmo.

Visto o novo proxecto corrixido , que inclúe as modificacións técnicas propostas pola Deputación, que non afectan nin o seu orzamento nin ao trazado da obra.

Proponse:

Primeiro.- Aprobar o *Proxecto Modificado de Colectores Xerais e EDAR de Vedra – Vedra (A Coruña)* cun orzamento de 499.485,65 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a aprobación de posibles acordos relativos á aprobación do citado proxecto.

A Presidencia di que da Deputación había un informe de supervisión emitido polo servizo de asistencia técnica aos concellos que pedía corrixir pequenos detalles do proxecto que non afectaban ao tipo de depuradora, percorrido, trazado, custes, etcétera. Son cuestións técnicas que xa están corrixidas e non hai nada máis que facer.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta a que se refire o de delegar na Xunta de Goberno Local os posibles acordos.



O Sr. Secretario responde que débese a que se volve haber calquera cuestión técnica para solucionar, non ter que convocar un pleno para aprobala. Iso non quita que despois se dea conta ao Pleno.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, anuncia o voto a favor do seu grupo.

O SR. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que o seu grupo votará en contra por varios motivos:

1º.- Porque a EDAR non está ben dimensionada.

2º.- Porque esta EDAR é o resultado de ter anulado a de Ribeira.

3º.- Porque non se lles consultou aos veciños a situación. Estará a menos de 100 metros das casas da aldea e só teñen que pasar por Neira para saber como cheira debido a un mantemento defectuoso cando é verán.

Se queren facer nese espazo unha depuradora teñen que facela nunha cápsula e terán o voto do grupo do BNG-AA a favor.

Di que leva dous meses preguntando se falaron cos veciños e na última comisión dixeron que non era preciso.

Pregúntalle á Presidencia se poñería unha depuradora a 70 m. da súa casa ou da casa dun familiar. Di que o que non queira para el non o queira para os veciños de Bazar.

A Presidencia rexeita os argumentos do BNG-AA.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con dez votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA.

4º.- Acordo, se procede, sobre desafectación de ben inmovible en Pousada de Arriba –Vedra.

Visto o expediente 2018/X999/000036 instruído para a desafectación do inmovible descrito no Inventario Municipal de Bens baixo o código 1INM08900085, emprazado en Pousada de Arriba (Vedra), actualmente afecto a servizo público segundo o Inventario Municipal de Bens, sendo pretensión deste concello modificar a súa cualificación xurídica de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

Considerando que o expresado inmovible non cumpre xa coa finalidade pública á que foi destinado, e que debido á súa situación considérase máis axeitada a súa clasificación como ben patrimonial.

Considerando que no expediente quedan acreditadas a legalidade e oportunidade da desafectación proposta, e que se seguiu o procedemento sinalado no [artigo 8](#) do Regulamento de bens das Entidades Locais, constando os informes técnico e xurídico.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMERO.- Aprobar provisionalmente a desafectación do ben inmovible emprazado en Pousada de Arriba (Vedra), descrito no Inventario Municipal de Bens co código 1INM089000085 modificando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, durante o prazo de un mes, para que os interesados acheguen as alegacións que estimen oportunas. No caso de que non se achegase ningunha elevarase este acordo a definitivo.

TERCEIRO.- Cando o presente acordo sexa definitivo, deberá realizarse o acto de recepción formal do ben inmovible que teña sido desafectado, de conformidade co [artigo 8.3](#) do Regulamento de bens das Entidades Locais.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba os documentos que sexan precisos en orde á execución do acordado.



Posta a votación a citada proposta, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG-AA e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

5º.- Acordo, se procede, sobre creación da Asociación Camiño Xeración Nós e os seus estatutos.

Dáse conta da acta fundacional da Asociación Camiño Xeración Nós e dos seus Estatutos, que ten como ámbito territorial no que desenvolverá as súas actividades Ourense, Amoeiro, Maside, O Carballiño, O Irixo, Lalín, Silleda, Estrada, Vedra e Boqueixón, tendo o seu domicilio social no concello de Irixo.

Os seus fins principais son:

- 1.- A regulación e promoción do Camiño Xeración Nós.
- 2.- Vertebrar e constituír un foro de debate continuo sobre as accións de conservación e promoción do Camiño.
- 3.- Sensibilizar ás administracións públicas, canalizando as demandas, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos da zona.
- 4.- Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao Camiño.
- 5.- Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de desenvolvemento, conservación e promoción do Camiño
- 6.- Potencias, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e peregrinación a Santiago de Compostela.
- 7.- Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento e promoción do Camiño.

A Presidencia di que a intención é que dentro da Vía da Prata, facer unha variante máis cultural dese camiño dende Ourense a Santiago polo trazado que fixo no ano 1926 a Xeración Nós. Como asesores van estar as fundacións vinculadas á Xeración Nós, Otero Pedrayo, Losada Diéguez, Risco a Deputación de Ourense e a Consellería de Cultura.

Cre que é positivo para o concello e por iso solicita o apoio para a aprobación dos estatutos e a incorporación á asociación. Ademais os outros concellos queren que Vedra leve a secretaría da asociación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, considérao positivo para o concello e anuncia o voto a favor do seu grupo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, solicita revisar os estatutos da asociación porque non lle chegaron.

O Sr. Secretario di que se lle mandaron onte aos portavoces dos grupos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, quere saber se fixeron algún tipo de estudo sobre o número de visitantes posibles que pode ter.

A Presidencia responde que isto parte deses concellos ourensáns, a raíz de experiencias doutros camiños. Está practicamente todo sen facer, pro o primeiro paso é crear a asociación de municipios para que sexa a interlocutora para realizar os traballos e actuacións.

Di que potencialmente os visitantes son uns 10/15 mil ao ano, que son os que pasan pola Vía da Prata, xa que non deixa de ser unha variante cultural como a do Padre Sarmiento no Camiño Portugués.

Os estatutos son similares aos xa aprobados do Camiño Miñoto-Ribeiro.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.



6º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG-AA para poñer freo á emigración galega.

Dáse conta da citada moción na que se expón que a emigración é un drama non só persoal, senón tamén social e nacional, que provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

Segundo datos do IGE nos últimos dez anos (2008-2017) emigraron de Galicia 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 -54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego, e se a mediados do século XIX a poboación galega representaba o 11,5% da poboación total do Estado Español, e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal, no ano 2018 era só do 5,74% e a densidade situouse por primeira vez por debaixo da media.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo iso instan a adoptar os seguintes acordos:

1º.- Dirixirse ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2º.- Instar ao Parlamento de Galicia a constituír , no seu seo un relatorio sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os nosos recursos para xerar emprego e riqueza.
- A creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

3º.- O compromiso deste goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial galego, nomeadamente o agro-gandeiro, forestal, enerxético e das TIC.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que a moción é unha proposta achegada dende unha plataforma chamada Vía Galega formada por corenta colectivos sociais, presentada en todos os concellos de Galicia para darlle voz a aquelas persoas que tiveron que irse fóra e queren volver pero non teñen traballo aquí porque o tecido non recolle a todas esas persoas galegas.

Este ano baixouse dos 2.700.000 habitantes en Galicia, cun forte descenso no rural e cre que os concellos e o Parlamento Galego deben traballar para reverter esta situación.



O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que para o seu grupo esta moción forma parte dunha política de partido que non comparten e non están de acordo co que recolle.

A moción forma parte dunha campaña dunha plataforma social onde está o BNG e outras asociacións nacionalistas. Non coinciden con esa campaña na que se di “non emigramos, expúlsannos”, e cre que ningún estado democrático moderno expulsa á súa poboación.

A visión das políticas que se están a propoñer dende a Xunta de Galicia difiren moito das do BNG.

Tampouco comparten os datos que ten a moción, e por último, a nivel municipal, que é a súa competencia, están promovendo políticas que potencian o desenvolvemento social, económico, produtivo e cultural que fan do concello un bo territorio para vivir. Cre que o compromiso e as políticas sociais que favorezan a igualdade e a conciliación, dentro dos recursos municipais, xa existen por parte deste concello.

Di que o voto do seu grupo non será a favor.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que modificou a moción para que fose o máis sinxela e clara posible no tema central, que é que se fagan políticas para reverter esa situación. Sorpréndelle que digan que están a traballar niso, cando no último ano pecharon ou marcharon do concello 20 empresas coa conseguinte perda de emprego e poboación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a moción é bastante aséptica e non ve por ningún lado nada de autodeterminación. Cre que Galicia ten un grave problema que vén arrastrando xa dende séculos pasados, de migración ao non atopar aquí unha saída a un futuro laboral.

Entende que é a Xunta de Galicia quen ten que facer políticas para reverter esta situación e non entende a negativa do PP.

Cando di o PP que dende o concello se fan políticas para reverter esa situación e promove políticas para darlle forza a sectores estratéxicos como o agro-gandeiro, forestal, enerxético e das TIC, recórdalle a negativa do PP a bonificar co 95% do IBI ás explotacións gandeiras agrícolas e forestais, e aceptaron a bonificación só para as que estaban en solo agrícola contravindo o que dicía o Parlamento de Galicia.

En Portugal, na anterior lexislatura cun goberno de esquerdas puxeron en marcha políticas para o retorno de talento e foi un éxito.

Anuncia o voto a favor da moción do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, dille á Presidencia que levan 40 anos gobernando este país e moitos dos seus familiares tiveron que emigrar. Todos teñen ou tiveron familiares fóra e iso non pasa noutras comunidades. É unha cuestión endémica de Galicia.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que é evidente que teñen unha versión diferente e gustaríalle que lle pasara a relación das 20 empresas que marcharon de Vedra.

Respóndelle ao PSdeG-PSOE, que a situación dos portugueses non debe ser tan boa cando cada vez hai máis cidadáns dese país traballando en España.

Os datos a nivel de residentes no estranxeiro e o saldo migratorio e de retorno foron mellorando e afecta a todo o Estado.

Cre que esta moción vén por estar en ano preelectoral e o BNG-AA ten a súa posición e o PP non a comparte, por iso non votarán a favor.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que en Portugal o que se ven son médicos, enxeñeiros e enfermeiros españois traballando alí, e a realidade é que a xente cualificada que se forma en España vai traballar fóra.

En canto ao déficit de poboación, a realidade é que Teo, Santiago, Ames, Boqueixón e Brión medraron en habitantes, e Vedra non.

Intervén a Presidencia para sinalar que nos oito anos que leva no goberno, Boqueixón baixou máis de 200 habitantes e Vedra non. Os outros son concellos que medran cun modelo urbanístico que o representante do BNG-AA rexeita, en zonas urbanas.

Posta a votación a citada proposta, rexéitase con oito votos en contra do PP e catro votos a favor do BNG-AA e PSdeG-PSOE.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE pola elevada carga financeira que asumen os concellos nos seus orzamentos pola competencia impropia do servizo de axuda no fogar (SAF)

Dáse conta da citada moción na que expoñen que os concellos están a asumir cada vez máis competencias impropias, que deben asumir as outras administracións, como é o caso do servizo de axudas no fogar (SAF), que está a supor unha carga financeira, ás veces non asumible para os orzamentos locais, pois no caso de Vedra supón case a cuarta parte do gasto do exercicio financeiro.

A Xunta de Galicia achega dende o ano 2008, 9,70 euros/hora (como máximo), sen levar a cabo ningunha actualización, achegando outras administracións, como é o caso da Deputación Provincial 12 euros/hora, co que os concellos vense na obriga de actualizar as licitacións para a prestación do servizo, que contemplan prezos de ata os 16 euros/hora ou case 23 euros/hora, xa que nos últimos anos os salarios incrementáronse e os convenios modificáronse. Este incremento do prezo /hora redonda nunha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que sofren as traballadoras e unha mellora das prestacións ás persoas usuarias do servizo,

Por todo iso propoñen ao Pleno a instar:

Primeiro.- Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á achega que fai a Deputación da Coruña.

Segundo.- Á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que lle permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar

O BNG solicita que se engade un punto adicional solicitando a estabilización do traballo dos empregados/as, por ser un traballo especializado, pero agora votarán a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que xa se falou disto na anterior lexislatura e non houbo cambios, polo que cre que é o momento de volver presentar a moción.

Dende o 2008 a Xunta de Galicia financia este servizo con 9,70 € /hora e pensa que é momento de actualizar eses prezos, ademais aumentaron as horas de dependencia e quen asume unha gran parte dese gasto son os concellos. Estes están asumindo unha



competencia que non é súa e as administracións que están por encima deberían porse a traballar neste tema.

Os concellos vense obrigados a detraer dos seus fondos para manter este servizo uns cartos que se poderían investir en obras, infraestruturas, etcétera.

Comunícalle ao BNG-AA que o segundo punto da moción queda redactado do seguinte xeito: “Instar á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos a través da FEGAMP nos primeiros catro meses do ano 2020 un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar e que permita tamén unha mellora nas condicións laborais das traballadoras por ser este un traballo altamente feminizado”.

Solicita o voto a favor.

Dona Susana García, do PP, di que non lle caiba dúbida de que o SAF lles preocupa excesivamente, preocúpanlles as persoas maiores, os dependentes, o servizo que se ofrece aos usuarios, os cuidadores/as e a súa conciliación socio-laboral, e como non, os dereitos das auxiliares que prestan este servizo que tanto mérito ten e do que son conscientes, así como o cumprimento por parte da empresa do contrato e do convenio, e, á vez, preocúpalles que o concello poida manter este servizo, que está a funcionar moi ben, dando resposta inmediata aos veciños en caso de necesidade en prestacións básicas.

Efectivamente é unha partida na que se inviste a maior parte do orzamento de servizos sociais deste concello porque é un servizo universal que desafortunadamente non está dotado para cubrirse ao 100% como sucede coa Seguridade Social.

Sobre se é competencia propia/impropia; din na moción que o SAF, en xeral, é unha competencia impropia municipal, que non lle corresponde ao concello. Con todo, a prestación básica, de libre concorrência, é unha competencia propia municipal, por iso é polo que son a Deputación, os concellos e os usuarios quen cobren o seu custo. Conforme á Lei de Servizos Sociais de Galicia “os concellos teñen a competencia e a obriga de prestar os servizos sociais comunitarios básicos, e poden, tamén, asumir a competencia de prestar servizos sociais comunitarios específicos (artigo 60). Asumindo, en todo caso, os servizos sociais comunitarios básicos municipais a xestión e seguimento das prestacións, tamén en dependencia (art. 9 a 11 desta Lei),

Desde que o Sr. Alcalde asumiu a alcaldía non cesou en pedir, alí onde fixese falta, melloras para o servizo, incluído á Xunta, e un incremento nas achegas (para poder ofrecer ás auxiliares as mellores condicións posibles, incluídas como non, as económicas). E vaise a seguir facendo con independencia do que se vote hoxe aquí.

Con todo, di que podían presentar esta moción hai meses, ou hai un ano, ou dous, ou tres, e non, preséntana agora con fins unicamente políticos, nun afán de desgastar o goberno da Xunta ás portas das eleccións autonómicas, e comprenderán que nestes momentos non poden pretender que vaian en contra do Sr. Feijóo, sobre todo tendo en conta que:

Conforme á Lei de Dependencia art. 12 e 33 (de 2006) e o seu Regulamento (Decreto de 2007), art. 4.3º: establécese un financiamento entre a Administración Central, a Xunta, a Entidade Local titular do servizo e os usuarios do devandito servizo; sendo ao 50% entre a Administración Central e a Autonómica e con todo do total que se destina a dependencia en Galicia só está a achegar a Administración Central o 24%, véndose a Xunta obrigada a abonar o 76%, debendo a Administración Central, que está gobernada polo PSOE, 200 millóns anuais á Xunta por este concepto. En consecuencia a



responsabilidade é do goberno central do PSOE. Se abonasen esa débeda en Galicia daríase un pulo moi positivo na atención aos dependentes.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se ten feitas as contas do que lle deben ao concello neste tema, sexa a Xunta de Galicia ou o Estado.

Por outra banda, e xa para finalizar, en canto a que a Deputación, achega máis, 12,00 €, é dicir 2,30 € máis para os servizos básicos, que a Xunta para dependencia, á parte do que xa manifestou, de que se a Administración Central achegase o que lle corresponde, polo menos para equipararse ao que achega a Xunta (7,37 € fronte aos 2,32 € que achegan) é dicir, 5,05 € máis a hora, serían 14,75 € para dependencia, por encima dos 12,00 € da Deputación. Pero é que ademais, como bensaberán e non é discutible, non se pode comparar, tendo en conta a diferenza no número de usuarios aos que vai destinada unha e outra axuda. En Vedra por exemplo: dependentes (sobre 50 usuarios) e libre concorrencia (sobre 18), requírese máis cantidade para cubrir dependencia. A Xunta achega, soamente aos concellos da provincia da Coruña, 48,6 millóns para dependencia, e a Deputación 3,4 millóns para a prestación do SAF básico.

Repíte que se votan en contra non significa que non vaian estar encima da Xunta para incrementar esas achegas e que fagan de interlocutores para reclamar ao Goberno Central o que deben e o que teñen que pagar.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que esperaba a resposta de que presentan a moción en ano preelectoral e para desgastar á Xunta de Galicia e ao seu Presidente. Di que o Presidente da Xunta de Galicia xa se desgasta só.

Di que o goberno do Estado non está achegando o 50%, pero desde o ano 2008, pero dende o 2011 gobernou o Sr. Rajoy. Pregunta se a débeda de 200 millóns de euros esta adquirida só nos dous últimos anos.

Di que o grupo municipal do PP non leu a moción porque no punto primeiro di: "Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia...". Polo tanto o argumento de que queren desgastar á Xunta cáese.

Di que o grupo de goberno vai votar en contra porque non queren que se financie adecuadamente aos concellos.

Dona Susana García, do PP, puntualiza que os 9,70 € están dende o ano 2013.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para dicir que á concelleira do PP preocúpalle moito o tema, pero están as traballadoras nunha situación paupérrima: teñen problemas de cualificación, cambian de empresa periodicamente, están contratadas durante anos sen cubrir xornadas completas, etcétera.

Sobre o carácter político das mocións, di que están nun pleno, que é o órgano de xestión municipal e están para facer política, e cre que é xusto que se presente unha moción nestas condicións.

Dona Susana García, do PP, engade que a Xunta de Galicia achega aos concellos da provincia de A Coruña 48,6 millóns de euros anuais e a Deputación 3,4 millóns de euros anuais para a prestación do SAF básico.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o orzamento da Xunta e o da Deputación son moi diferentes. A moción só está pedindo máis fondos para o concello, que lle corresponden, porque non está correctamente financiado nin pola Xunta nin polo Goberno do Estado.



Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta se a Deputación paga integramente as horas de libre concorrencia. Sinala que eses cartos que paga a Xunta están financiando moitas máis horas, polo que é normal que pague máis cá Deputación.

Dona Susana García, do PP, resposta que as paga o concello a Deputación e os usuarios.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que están dispostos a retirar da moción o de que equiparen o que paga a Deputación e que só están pedindo máis fondos á Xunta e ao Goberno Central.

Posta a votación a citada moción, rexéitase con oito votos en contra do PP e catro votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE por un servizo de pediatría en atención primaria de calidade.

Dáse conta da citada moción na que expoñen que durante o verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia,

Nos centros a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar, sobre todo no rural, sendo un exemplo máis da manifesta falta de compromiso do Goberno Galego cara o rural da provincia de A Coruña, a posta a práctica dunha clara intención de concentración de poboación en vilas e cidades e a irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que se está a vivir na provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.

O peor da situación é a que Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario.

Existen diversos problemas que recrúan o problema da ausencia de profesionais de pediatría, que ten como consecuencia na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

No caso de Vedra, o pediatra só asiste ao centro de saúde 3 días á semana e non se cobre a súa praza cando está de baixa ou de vacacións.

Por todo iso, propoñen instar ao Goberno Galego a:

1º.- Dotar de maior estabilidade posible aos/ás profesionais de pediatría, traballadores do Sistema Galego de Saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.

2º.- Atrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.

3º.- Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis axiña posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.

4º.- Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.



5º.- Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o servizo de pediatría na Comunidade Autónoma de Galicia leva anos cunha pésima falta de previsión e agora sófrense as consecuencias.

Hai concellos arredor que non teñen pediatra nin sequera 2 ou 3 días á semana. En Vedra hai un servizo 3 días á semana, non se cobren as baixas nin as vacacións e hai usuarios que teñen que desprazarse. Solicita o voto a favor.

Intervén a Presidencia para dicir que en Galicia e no resto de España existe ese déficit de pediatras, non só en Vedra, e iso que España é un dos poucos países que aposta pola pediatría en atención primaria.

Galicia é unha das comunidades que ten unha maior taxa de cobertura pediátrica, chegando case ao 90%. Comunidades como Madrid, Estremadura, Valencia, Murcia, Andalucía ou Canarias, a cobertura é dun 70%.

Tamén é certo que esa existencia de paro cero en pediatría dificulta a posibilidade de cubrir as baixa de persoal.

Dende o Sergas, nos últimos anos, adoptáronse medidas para solucionar este tema, como as convocatorias de OPE nas que se priorizan as categorías propias do primeiro nivel asistencial (médicos de familia, pediatras de atención primaria e especialistas en enfermaría familiar e comunitaria).

No ano 2016 convocáronse 10 prazas de pediatría en atención primaria, 9 de facultativo especialista de áreas. No 2017, 4 de enfermaría especialista e no 2018 hai 58 prazas de pediatría en atención primaria, 27 facultativos especialistas de área e 4 de enfermaría especialista en atención pediátrica.

Na OPE do 2019, ofertáronse 35 prazas de pediatra en atención primaria, 6 facultativos especialistas de área e 10 de enfermaría pediátrica. Polo tanto Galicia é pioneira en cubrir esas prazas de enfermaría especialista pediátrica a través do decreto 81/2016.

Todo o que fixo a Xunta nos últimos anos está encamiñado a paliar ese déficit de pediatras.

Noutros lugares de Galicia poden existir problemas de pediatría, pero en Vedra funciona ben ese servizo. Hai servizo de pediatría 5 días á semana entre Vedra e Boqueixón coa mesma pediatra. Ademais, a primeira enfermeira pediátrica no ámbito rural de Galicia foi para Vedra e Boqueixón, polo que non está de acordo coa exposición de motivos da moción.

Propón unha emenda transnacional que diga: “Instar á Xunta de Galicia a manter o compromiso pola estabilización do persoal da sanidade pública a través das convocatorias das ofertas públicas de emprego, principalmente para as categorías do primeiro nivel asistencial, como pediatras de atención primaria e médicos de familia, así como a seguir dotando de prazas á categoría de enfermaría especialista en pediatría e a de enfermaría familiar e comunitaria.

Instar ao Goberno de España a que promova en colaboración coas Comunidades Autónomas todas as medidas que sexan necesarias para solucionar o déficit de especialistas no sistema nacional de saúde”.

Se insisten nos seus puntos non van aprobar a moción. Se aceptan esta emenda, votarán a favor.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di esta abraiada con que dixo sobre manter o compromiso pola estabilización do persoal da sanidade pública. O que fixo o goberno da Xunta nos últimos anos foi por en precario a sanidade ata un punto extremo: falta de facultativos, non se cobren baixas, incentivos aos médicos para que non soliciten probas complementarias, etcétera.

Di que o Sr. Feijoo é un xestor nefasto que presume de cumprir os obxectivos de déficit cando podería ter gastado un 0,7% do PIB e só o 0,5% de déficit. Di que o seu grupo non vai apoiar esa emenda.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para ler unha nova do Faro de Vigo que di: “Cada mes 10 facultativos galegos vanse traballar ao estranxeiro”.

Di que levan 40 anos gobernando e o resultado é que a sanidade e a educación están esnaquizadas. Falando cos dous médicos do centro de saúde de Vedra, estes dixéronlle que non asumiran voluntariamente os pacientes do terceiro médico. Así mesmo, tamén lle dixeron que o problema arranca no proceso de formación na universidade, e resulta que esta é unha competencia da autonomía.

A Presidencia manifesta que non van modificar as súas posturas.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta se a partires de agora ata que sexan as eleccións autonómicas, a tónica vai ser que todo o que propoña a oposición vai ser considerado tema electoral e votado en contra.

A Presidencia contesta que non ten nin idea do que vai suceder no seguinte pleno.

Posta a votación a citada moción, rexéitase con oito votos en contra do PP e catro votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia di que quedaban dúas preguntas pendentes de contestar de plenos anteriores:

1º.- Sobre o pendello de Fornelos, di que xa está o informe en urbanismo e que poden consultalo cando queiran e hoxe déuselle traslado ao titular catastral para que faga as alegacións que estime convenientes ao expediente.

2º.- Respecto ao mal funcionamento e capacidade da depuradora de San Xián, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que dende Viaqua transmítenlle que ás pequenas ampliacións previstas non afectaría á capacidade da mesma, pero que tampouco admitiría moito máis. O funcionamento da depuradora é normal e para iso lle fan os mantementos e reparacións precisas.

Di que cando a rede leva demasiadas augas pluviais debido a filtracións que se poden producir en pozos, arquetas ou roturas nas canalizacións e mesmo vertidos directos de pluviais dalgunhas vivendas, o funcionamento é distinto e estanse corrixindo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Respecto ás copias das facturas da achega do POS+ 2019, di que xa foi contestada por escrito.

-- Sobre o proxecto de ampliación da rede de saneamento en Vedra, di que xa foi contestada.



-- Respecto a venda de madeira en San Fins di que a intención era cumprir nese momento coa Lei de prevención de incendios en marzo de 2019. Buscouse un madeireiro local que o fixera e procedeuse á corta. O valor da madeira, xa descontado o custe da corta, é de 1.995 € que están pendentes de ingresar. Cortáronse 50 toneladas de piñeiro e 33 de toneladas de puntal de piñeiro.

-- Sobre os criterios para a cesión dos locais municipais para eventos de particulares, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que ata o de agora eran as asociacións que utilizaban os locais as que xestionaban as actividades, sempre e cando non coincidisen con actividades organizadas polo concello.

A partires deste ano vanse usar para eventos de particulares, só as casas de cultura de San Miguel, Trobe e San Xián. Ademais determinouse co Secretario e coa asesoría xurídica do concello, un procedemento para aplicar con todas as persoas solicitantes para que non haxa malentendidos.

-- Respecto ao cobro dos 80.000 € do BBVA, di que xa está contestada.

-- Sobre o importe total que se lle debe á Deputación polos préstamos provinciais di que segundo datos da tesouraría a 31/12/2019 a débeda do concello coa Deputación nos PAES 2015-2018 é de 719.756,10 €. Están pendentes os PAES de 2019 e 2020. A intención da Deputación dende un primeiro momento é que os concellos non teñan que devolver iso. Mentres están buscando a solución, van aprobando sucesivas prórrogas de carencia.

-- Respecto á entrada en vigor das novas concesións do transporte público, sinala que saíron esta semana as licitacións. Están analizando o tema porque algunhas das alegacións que facían foron estimadas.

-- Sobre a análise e etiquetado como auga potable ou non as fontes públicas do concello, di que o farán proximamente.

-- Respecto a cando van comezar a usar notifica.gal, di que Vedra foi un dos primeiros concellos en comezar a usar a sede electrónica. Para usar notifica.gal os concelleiros deben ter sinatura dixital. Propón facer xuntanzas de traballo para ver como implantar todo iso.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

-- Sobre se un político cunha dedicación parcial pode realizar traballos que non sexan de xestión municipal, cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que non é un caso moi corrente, pero que el non atopou ningunha incompatibilidade. Á hora de verter iso na realidade, darse de alta na Seguridade Social, atopouse un epígrafe para facelo e todo está funcionando correctamente.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

-- Respecto da potencia eléctrica da casa de cultura de San Miguel de Sarandón, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que se solicitou un aumento de potencia.

10º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto das augas pluviais que non se deben verter á rede, roga que se lles advirta aos veciños a través do boletín, porque moitos casos ao mellor descoñecen o tema.



2º.- Sobre os criterios para ceder os locais municipais, é certo que as asociacións xestionaban as actividades relacionadas coas asociacións. Outra cuestión diferente é que se fixeran xestións para celebrar eventos particulares. O concello estivo mirando para outro lado e concedendo o seu uso de xeito arbitrario.

Quere saber se eses locais van ter un seguro de RC, xa que son locais municipais e débeos xestionar o concello.

3º.- Pregunta que se sabe sobre a liña de datos da casa do concello e se non é unha liña que contrata a Xunta de Galicia. A Presidencia di que están pendentes dunha reunión coa operadora para que axilicen a conexión no concello, xa que quen ten que estender as liñas de fibra é a operadora. Cre que se vai solucionar rápido.

4º.- Solicita a reparación dun bambán no parque infantil de San Fins e a revisión do resto dos parques.

5º.- Na última Xunta de Goberno Local hai unha resolución da Alcaldía denegando copias de facturas. Solicitou unha relación de facturas que se ían pagar con cartos do POS+.

6º.- Existe unha factura cun importe de 11.979 € a Vilarpiñeiro S.L., por escultura de camelia xacobeana de 2 m. de altura construída en bronce e serpentina con xade. Pregunta se esa empresa é Cándido Pazos. Di que é unha personaxe que en plena campaña electoral subiu ao palco na Festa do porco en Trobe para facerlle un mitin ao PP, e agora aparece esta factura. Cre que eses cartos tíñallo que aboar o PP, xa que lle cargan ao concello un servizo prestado ao PP e ao Sr. Alcalde.

Pregunta se este é o pago polo mitin que deu esta personaxe na festa de Trobe.

7º.- Existe outra factura por un importe de 1.270 € a Castro Fernández, Adolfo por atención do centro sociocultural os días 29 e 30 de novembro e 2, 3, 4, 5, 7, e 9 de decembro de 2019. Pregunta en concepto de que é esa factura.

8º.- Volve incidir sobre o tema da contratación dunha dedicación exclusiva parcial. Se o concello precisa un operario, entende que se contrate un operario. Cre que non é a función dun concelleiro facer de operario. Pregunta se é oportuno contratar de operario a un concelleiro.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Nos últimos meses observaron algunhas irregularidades na transparencia das Xuntas de Goberno de cara aos veciños. As Xuntas de Goberno da web municipal non son copias idénticas ás facilitadas por correo electrónico aos concelleiros, xa que carecen da relación de facturas aprobadas. Isto sucede nas últimas catro Xuntas de Goberno e dá a entender que non se trata dun erro humano, senón de algo intencionado.

Pregunta cal é o motivo polo que se lle oculta información aos veciños e se hai facturas que non queren que se fagan públicas.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que se chama borrador porque mentres non se aprobe na seguinte sesión non son actas. As actas son definitivas cando se aproban.

A Presidencia di que preguntará o día seguinte e responderalle.

2º.- Os concelleiros da oposición non recibiron o borrador da Xunta de Goberno celebrada o día 24/09/2019 e si foi colgada na web municipal. Solicita a relación de facturas desa Xunta de Goberno.

3º.- No concello seguen a pagarse os servizos de taxi para acudir ao centro de saúde. Pregunta que criterios hai de selección dos usuarios, o número de usuarios ao longo do pasado ano e as parroquias ás que pertencen os usuarios do servizo. Espera que este servizo se ofrezca de xeito claro e transparente a todos os veciños do concello e que o domicilio non sexa un motivo de discriminación ou exclusión.



4º.- Remexendo nas actas dos Plenos, atopou certas preguntas feitas polo Sr. Alcalde cando era membro da oposición, como as realizadas nos plenos de outubro de 2007, maio de 2008 e setembro do 2009 sobre a instalación dun ascensor na casa de cultura de Santa Cruz.

Co paso do tempo os rogos do Sr. Alcalde foron escoitados e plasmados na instalación do ascensor. Dito ascensor leva alomenos 6 anos sen funcionar e sen arraxarse, e polo tanto sen poder usarse.

Pregunta se a accesibilidade aos locais municipais lle importa só para gañar votos ou se de verdade lle importan os veciños.

Solicita o arranxo do ascensor e que cumpra as promesas e a normativa legal de accesibilidade.

5º.- O 26/07/2018, dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE preguntou en Pleno “A punto de cumprir un ano a adxudicación á nova empresa do SAF, quere saber se teñen comunicación con eles, como se está a prestar o servizo e se hai reclamacións das persoas usuarias e/ou traballadores/as”.

En setembro dese mesmo ano a Presidencia respondeu: “teñen comunicación coa empresa fundamentalmente para resolver as problemáticas que poidan xurdir na prestación do servizo. Di que si houbo algunha reclamación de usuarios de xeito oficial, e das traballadoras de xeito extraoficial; e tiveron varias reunións coa empresa para ir resolvendo esas situacións formuladas.”

O pasado 15 de novembro solicitou ser coñecedora das reclamacións efectuadas ao SAF dende o ano 2018 ata ese momento. Comunicóuselle que tiveran seis e que foran solucionadas de xeito inmediato e satisfactorio. Reclamacións que non lle deixaron ver, amparados na protección de datos, e esquecéndose do sixilo propio que ten un concelleiro, e son sobre os seguintes temas:

- a.- Excesivos cambios de auxiliar.
- b.- Incumprimento por parte das auxiliares dos horarios e das tarefas pactadas no proxecto de intervención.
- c.- Descontrol na coordinación efectuada pola empresa.

No mesmo escrito onde se lle nega a posibilidade de ver as reclamacións, asinado polo secretario municipal, expónse que “concretamente en relación ao servizo de axuda no fogar é salientable que a estabilización da figura da coordinadora por parte da empresa, redundou na mellora do servizo”.

No ano 2018 e 2019 o PSdeG-PSOE estivo preguntando polo estado do funcionamento do SAF e a resposta sempre foi que houbera queixas pero xa vai mellor.

En xaneiro do 2019, tivo coñecemento a través da Xunta de Goberno dun expediente sancionador á empresa xestora do servizo. No día de hoxe tivo acceso á reclamación efectuada por parte do concello e quere destacar un par de puntos. A empresa Atendo Calidade, S.L. é a adxudicataria do servizo dende o 29/08/2019, polo que as incidencias ás que fai referencia a reclamación en relación á falta de persoal nos meses de abril e xullo de 2017 e os proxectos de intervención dos usuarios reclamados nos mesmos meses, teñen a ben reclamarllos a Servital, que era a empresa adxudicataria nese momento.

En setembro do 2019, dous meses antes de preguntar polo servizo e que dixera que funcionaba ben, estáselle a facer un novo requirimento onde o concello é consciente das deficiencias do servizo, tanto dos usuarios como dos traballadores.

Están obstaculizando, ocultando e negando información que obra no poder do grupo de goberno aos membros da oposición de maneira consciente e impoñen unha sanción de 71.000 €.



Preguntáronlle á representación sindical de dita empresa e dixéronlle que salvo incidencias puntuais, é a empresa coa que mellor están.

Pregunta cal é o motivo da reclamación, e por que se fai agora e non antes cando os problemas veñen de hai máis de dous anos.

Solicita ver o informe das conclusións sacadas das enquisas realizadas ás traballadoras.

Pregunta se ten pensado renovar a concesión un ano de prórroga ou se vai facer un novo concurso, se ten pensado seguir negando información relevante para o control da acción do goberno e se cre que vai ser fácil que unha empresa queira xestionar o SAF despois desta reclamación.

Intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, para preguntarlle a dona Raquel Sangiao se lle preguntaron ás tres delegadas sindicais e se están todas de acordo, porque lle consta que hai xente que non está tan convencida das melloras.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicítalle ao Sr. Secretario o epígrafe onde está inscrito o concelleiro.

O Sr. Secretario di que esa é unha solicitude que lle ten que facer ao Sr. Alcalde.

2º.- Pregúntalle ao Sr. Secretario se unha persoa ao traballar para o concello de maneira continuada durante catro anos no mesmo posto de traballo crea algún tipo de dereito laboral.

3º.- Respecto ao tema da fibra, sorpréndelle que o nodo estea en Santa Cruz, nun extremo do concello e pregunta se é unha cuestión técnica e como van facer coas casas illadas para o reparto da fibra.

4º.- Solicita un informe de garantía estrutural do edificio da casa de cultura de Santa Cruz.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Para a celebración de eventos particulares só están dispoñibles tres casas de cultura (San Miguel, Trobe e San Xián), e non lle parece que estean nos extremos do concello.

2º.- Respecto ao tema do transporte, solicita que se poñan nas marquesiñas os horarios actualizados do transporte.

A Presidencia contesta que a idea é que para o inicio do curso que vén estea en funcionamento.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.